

LINGUA GALEGA:

Libro 2º T. Páxina 158:

4.

Separa en suxeito e predicado e subliña os complementos verbais seguindo o código:

CD: vermello.

CI: azul.

CC: verde.

Se non tedes cores podedes subliñar o complemento e escribir debaixo de que tipo é.

O sábado Ester dedicoulle unha canción ao seu curmán Xes no Karaoke.

Xurxo tróuxolles da súa viaxe a Lisboa uns pasteliños aos pais.

Alberte fala perfectamente inglés coa súa amiga Helen.

5.

Copia poñendo coma ou dos puntos onde corresponda. Despois, xustifica cada caso.

Unha nena moi mañosa

A Erea \_\_\_ a irmá pequena \_\_\_ gústanlle moito as manualidades. O outro día regaloume un barquiño moi chusco. Fíxoo con só catro cousas \_\_\_ unha casca de noz\_\_\_ un pouco de plastilina\_\_\_ un escarvadentes e un anaquiño de tea. Tróuxomo ao cuarto e díxome \_\_\_ «Toma\_\_\_ para ti. Podes levalo á praia no verán».

Di porque puxeches cada un dos signos de puntuación:

Os estranxeirismos son as palabras procedentes doutras linguas que utilizamos cando falamos ou escribimos na nosa lingua. Por exemplo, escáner é un estranxeirismo procedente do inglés. Aínda que cada vez son máis frecuentes os estranxeirismos, en caso de que haxa unha palabra equivalente na lingua propia, é conveniente utilizar esta en lugar da estranxeira.

Páxina 165. Exercicios 3 e 4.

3.

Localiza cinco estranxeirismos no texto e di de que lingua cres que proveñen.

#### Cuestión de preferencias

O hobby preferido do meu irmán é a espeleoloxía. Por iso é o fan número un do programa «Dentro da cova». Gústalle tanto que prefire comer un sándwich na casa véndoo ca vir cear á pizzería ou ao burger. Que forte!

1. Lingua da que procede:
2. Lingua da que procede:
3. Lingua da que procede:
4. Lingua da que procede:
5. Lingua da que procede:

4.

Elixe as palabras equivalentes en galego para tres dos estranxeirismos anteriores e copia o texto substituíndoos por estas.

Sendeirismo - afección - canal - hamburguesaría - admirador